



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JORGE CERDEIRA LOURO  
D<sup>a</sup>: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA  
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ  
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04/07/2012)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catro de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade

**2º.- Acordo, se procede, sobre do Plan DTC 94 unha Deputación para todos os concellos.**

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan DTC 94 Unha Deputación para todos os concellos* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 27/07/2012 e publicadas no BOP nº 145/12, do 1 de agosto.

De acordo coas mesmas, e segundo o informe da Comisión Informativa de Urbanismo e Plans do día vinte e catro de setembro, propónse:

“1º.- Participar no *Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos*” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:



**Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:**

CONCELLO	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
289.500, 00€	180.474,44 €	0	17.000,00€

2º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutra administracións para a súa execución, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3º.- Autorízase á Deputación a obter das certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.”

O Sr. Pose do BNG quere deixar constancia do motivo polo cal vai a votar en contra. Dí que a cantidade da achega xa era coñecida dende o día 1 de agosto, que o importe concedido en cuantía superior a 30.000 euros, tiña como fin a convocatoria de concurso público e que o retraso da súa tramitación non é lóxico. Que as cousas non se poden facer deste xeito sabendo dende o 1 de agosto que veñen estes cartos e ter que solucionado de xeito urxente a un mes das eleccións, sen sacalo a concurso público. O voto do BNG é negativo porque non se pode vivir na provisionalidade.

Posta a votación apróbbase co voto en contra do BNG.

**3º.- Acordo, se procede, sobre a solicitude a Augas de Galicia do financiamento da obra de Saneamento e depuración no Concello de Vedra. Fase I: Tomonde e Neira. Vedra (A Coruña)**

Dáse conta do informe favorable da Comisión Informativa de Urbanismo e Plans do día vinte de setembro que di o seguinte:

“Dáse conta da comunicación nº 1205/12 do Organismo Autónomo Augas de Galicia sobre da inclusión no Plano Hidrolóxico de Galicia das actuacións correspondentes ás obras do proxecto *Saneamento e depuración no Concello de Vedra*.

*Fase I: Tomonde e Neira. Vedra (A Coruña)*, cun orzamento de execución por contrata de 2.160.509,06 euros.

De acordo co Decreto 84/1997, do 10 de abril (DOG do 24/04/1997), sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas, propónse:

1º.- Aprobar o proxecto denominado *Saneamento e depuración no Concello de Vedra. Fase I: Tomonde e Neira. Vedra (A Coruña)*. Clave: OH.315.997.

2º.- Solicitalle á Augas de Galicia o financiamento do 100% do custo das obras



3º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

4º.- Renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º.- Que se expoña ao público o citado proxecto durante 20 días hábiles.

6º.- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

7º.- Comprometeres á actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización (art. 9f. do Decreto 84/1997).

8º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para solicitar o financiamento do 100% do orzamento das obras.”

O Sr. Cobas do PSdeG-PSOE intervén para aclarar que no proxecto o emprazamento da depuradora está nunha leira privada e habendo unha masa común ao lado e marxe de manobra, sería máis favorable este emprazamento.

O Sr. Presidente di que estaba prevista a masa común como emprazamento e que se non figura esta no proxecto ten que deberse a un erro de redacción pero que no período de exposición ao público se pode modificar e que xa existe compromiso verbal de todos os propietarios para a cesións dos terreos particulares.

O Sr. Pose do BNG intervén para aclarar que se trata dunha pequena depuradora e que o mantemento vai correr por conta do concello.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade.

#### **4º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o exercicio 2013**

Dáse conta da comunicación da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar solicitando a designación dos dous festivos locais para o ano 2013 de cara á elaboración do calendario laboral.

Pola Presidencia, á vista do informe favorable da Comisión Informativa de Economía e Especial de contas do día 20 de setembro, proponse designar os habituais dos últimos anos: Día do Patio (23 de setembro) e Santa Baia (10 de decembro).

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que a maioría dos veciños preferirían que se designasen os mesmos festivos que en Santiago de Compostela xa que case a totalidade da poboación traballa ou estuda nese municipio veciño.

A Presidencia di que o seu grupo mantén a proposta tradicional dos festivos locais.

O Sr. Alvela, do TEGA, pediría que un dos dous festivos fora máis itinerante, pero sempre pensando en festas do propio Concello e que en todo caso a proposta de adherirse aos festivos de Santiago podería ser para un dos dous festivos, por exemplo, o



día da Ascensión. Isto faría máis complicada a elección do festivo propio e levaría un longo debate polo que quedar como estamos un ano mais non supón nada.

O Sr. Pose, do BNG, propón sacar o día do Patio e poñer o día da Ascensión.

Dona Lucía González, do PSdeG-PSOE , manifesta que os hábitos de traballo foron cambiando e que deberíamos de evolucionar con estes cambios, o que motiva a súa proposta e quere que se adquira compromiso desta valoración para próximos anos.

Posta a votación apróbase con sete votos a favor (PP e TEGA) e seis abstencións (PSOE e BNG).

**5º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública.**

Retírase da orde do día para un estudo máis detallado.

**6º.- Informe, se procede, sobre moción dos sindicatos UGT, CCOO, CIG-Ensino e FSIS de apoio aos traballadores e traballadoras da empresa concesionaria da E.U.I do Concello**

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción presentada polos sindicatos UGT, CCOO, CIG-Ensino e FSIE de apoio ás traballadoras e traballadores de Ana Naya, concesionaria da escola de educación infantil do Concello, na que expoñen que ante as irregularidades con que se está a levar a cabo o método de negociación que se pretende aplicar, totalmente ilegal e desprezando a representación legalmente elixida, consideran necesario apoiar ás traballadoras e traballadores para deter estas prácticas, polo que supón de ataque aos seus dereitos laborais, xa bastante precarios, e ao mesmo tempo un ataque ao importante servizo público que están a prestar, polo que solicita do pleno a adopción do seguinte acordo:

Esixir de Ana Naya o cese deste tipo de actuacións e que comece a facer as cousas polas canles legalmente establecidas, é dicir, un proceso de negociación coa representación legal das traballadoras e traballadores sen coaccións ou presións.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE quere manifestar o seu apoio á moción.

O Sr. Alvela, do TEGA, di que a exposición de motivos da dita moción é realmente dura (abusos, ilegalidades, etcétera) e que pola contra o acordo só pide establecer canles de comunicación para o arranxo, polo tanto por descoñecemento das causas vai a absterse.

A Presidencia aclara que se vota o acordo para que se alcancen as canles legais para chegar a un acordo.

Posta a votación apróbase con doce votos a favor e unha abstención do TEGA.



**7º.- Informe, se procede, sobre moción das organizacións profesionais agrarias UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO de apoio aos gandeiros galegos.**

Polo grupo Socialista preséntase a citada moción cuxa urxencia é aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da dita moción na que se expoñen os motivos que está a sufrir o rural Galego en tempo de incertezas económicas, recibindo os gandeiros galegos o prezo máis baixo polo leite de toda España, existindo grandes diferenzas entre Comunidades Autónomas o que supón abusos ao sector primario. Esta situación agrávase coa suba dos custos de produción e o sector lácteo tende á desaparición polo que se pide o apoio para solicitar do Presidente da Xunta de Galicia as seguintes medidas:

1.- Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.

2.- Que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes ás que se deron en países veciños como Francia.

3.- A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.

4.- Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.

5.- Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.

Aprobase a moción por unanimidade.

**8º.- Informe, se procede, sobre moción relativa ás restricións introducidas ao Plan Prepara no Rdl 23/2012, de 24 de agosto dirixido ás persoas que esgoten a súa prestación por desemprego**

Apróbese a súa urxencia por unanimidade.

Dáse conta da dita moción presentada polo grupo socialista para instar ao goberno de España a modificar as restricións introducidas ao Plan Prepara no Real decreto lei 23/2012, de 24 de agosto, dirixido ás persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, debido ás restricións que comporta e que deixa a moitas persoas en absoluto desamparo xa que a reforma laboral abarata o despido, recortar as políticas de axuda aos desempregados na súa busca de emprego, suprime subsidios, expulsa da Renda Activa de Inserción a case todos os seus beneficiarios, e gran parte da poboación



desempregada verase sen protección algunha nos próximos meses, polo que solicita do pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a que, con fin de garantir a transición ao emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, anule as restricións introducidas ao Plan Prepara no Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto, e prorrogue o Real decreto lei 1/2011, de 11 de febreiro ata, polo menos, o 15 de agosto de 2013.

Posta a votación apróbase a moción con sete votos a favor (PSOE, BNG e TEGA) e seis abstencións do PP.

**9º.- Informe, se procede, sobre moción para a impugnación do Real decreto lei 24/2012 que legaliza a fraude das participacións preferentes.**

Apróbase a súa urxencia por unanimidade.

Dáse conta da dita moción pola que se expón que o Real decreto lei 24/2012, de 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito supón a legalización da estafa das participacións preferentes, concedéndolle poderes excepcionais ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria para reestruturar o sector financeiro ao seu arbitrio, podendo mudar unilateralmente as condicións pactadas nas participacións preferentes ou outros instrumentos financeiros análogos contratados, sufragando os pequenos aforradores unha parte do rescate da banca privada, polo que solicita a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a interpor recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto.

2.- Instar á Xunta de Galicia a presentarse na demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galicia, apoiando as súas pretensións.

3.- Instar ao Goberno de España a que exclúa ás persoas aforradoras subscritoras de participacións preferentes ou débeda subordinada das quitas ou trocos obrigatorios previsto no Rdl 24/2012.

4.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a adoptar as medidas precisas para garantir a devolución íntegra do investido ás persoas aforradoras en participacións preferentes e débeda subordinada en entidades financeiras.

5.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Posta a votación aprobase a moción por unanimidade.

**10º.-Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

--Á pregunta sobre si se fixo algunha alegación ou proposición ao novo convenio de colaboración intermunicipal establecido pola Deputación, cuxo texto estivo en exposición pública, di que non se fixo ningunha alegación nin proposición sobre o texto.

-- Á pregunta relativa á transferencia de 11.500 euros da aplicación 453-609, infraestrutura xeral, á 432-227, traballos técnicos de turismo, di que esta transferencia





foi feita para dotar o presuposto para a adxudicación do albergue xa que como estaba prorrogado o presuposto era preciso dotala.

### **11º.- Rogos e preguntas**

--Don Lucía González do PSdeG-PSOE formula as preguntas

Primeiro.- Na Xunta de Goberno de data 8 de maio de 2012, dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de abril, pola que en relación ao expediente de reposición de legalidade instruído respecto das actuacións consistentes na construción de piares para a colocación de portal en A Torre-San Xián de Sales, se lle ordenaba ao promotor don José Manuel González de la Torre, que procedera no prazo dun mes á súa demolición, xa que os actos eran incompatibles co planeamento urbanístico, e que de non ser así procederíase á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas.

¿Que actuacións se teñen realizado dende aquela ata o día de hoxe con relación a este expediente de reposición de legalidade?

Segundo.- Na Xunta de Goberno de data 19 de xullo de 2012, tómase o acordo de suspensión da licitación convocada para a subministración dun camión de recollida de residuos sólidos urbanos.

Que causas concretas motivaron a suspensión desta licitación?

Terceiro.- Na Xunta de Goberno de data 19 de xullo de 2012, tómase o acordo de suspensión da licitación convocada para a contratación do servizo de xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra.

Cales foron as causas sobrevidas ás que alude o citado acordo e que deron lugar á suspensión da licitación?

Cuarto.- ¿Que novidades hai con relación á prestación do servizo de fisioterapia?

--Así mesmo formula os seguintes rogos:

No Pleno de 4 de xullo de 2012 rogamos que se fixeran as xestións oportunas para o arranxo do valo da igrexa a carón da pista de Quintáns. No día de hoxe, rogamos que informen ao Pleno das xestións feitas ao respecto ata o momento e que procedan a realizar as actuacións que correspondan, para permitir o discorrer das augas pluviais pola cuneta e preservar o pavimento da pista.

O Sr. Pose, do BNG, fai as seguintes preguntas.

Primeiro: Está creada a lista de empresarios de Vedra? E, comunícaselles a estes empresarios as licitacións que fai o concello?

Segundo: Comunicóuselle aos bancos a moción aprobada sobre a retirada de fondos públicos das entidades non sensibles á dación en pago? E se o concello se puxo en contacto cos organizadores da iniciativa legislativa popular para mostrarlle o seu apoio?



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Terceiro: A pregunta formulada con anterioridade sobre os pagos á Casa Cuartel da Garda Civil de Lestedo, contestouseme sobre o aparato legal pero non se me respondeu sobre cal foi o destino destes cartos.

Conclúe ao fío da vinte e dúas horas e dez minutos.